

LÓPEZ, Teresa; Laurence MALINGRET e Elias J. TORRES FEIJÓ (eds.) (2017): *Estudios literarios e campo cultural galego en honra do profesor Antón Figueroa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 309 pp.

Este número 5 de Cadernos CIPPCE sobre emerxencia cultural é un acto de recoñecemento ao labor do profesor Antón Figueroa, docente da Universidade de Santiago de Compostela xubilado en 2013, e cuxa orixe estivo no “Simposio Internacional. Estudos literarios e campo cultural galego” celebrado en setembro de 2015 na mesma universidade. Aquel encontro de 2015 propúñase, como este monográfico, abordar algúns destes 9 apartados: diglosia e texto en/desde 2015; a reconceptualización do campo/sistema literario nas literaturas periféricas; nación (e ficción) e ideoloxía; leituras da identidade e da alteridade; relacións interliterarias, tradución e espazo cultural transnacional; autonomía do campo e autonomía dos axentes: o caso galego (1950-2015); para unha historia do campo literario e dos campos culturais galegos; estudos literarios, estudos en cultura e Ciencias Sociais; referentes teóricos e diálogos heurístico-metodolóxicos abertos na pesquisa de Antón Figueroa.

A liña forza no conxunto dos traballos é o peso da teoría e a metodoloxía de análise: a teoría de campo (Pierre Bourdieu), a dos polisistemas (Itamar Even-Zohar) e “as relacións intersistémicas (Antón Figueroa); os défices dos campos emerxentes e as súas consecuencias; o campo de produción ideolóxica ou cuestións ligadas á autonomía e heteronomía dos campos culturais” (p. 9).

Os *Estudios literarios e campo cultural galego en honra do profesor Antón Figueroa* ábrese cun ensaio de Itamar Even-Zohar titulado “O final da literatura?”. O profesor da Universidade de Tel-Aviv, ademais de constatar a débeda con Antón Figueroa en relación ao seu coñecemento de Galicia, manifesta o deterioro do estatus histórico da literatura tras dous séculos de éxito en que, paradoxalmente, a alfabetización non era xeral. No sentir de Even Zohar a literatura xa non ten a capacidade de

ser unha ferramenta que produza solucións e poida divulgalas. Esta “combinación da diminución da función da literatura como ferramenta coa persistencia da mesma como ben pódese entender como o final da literatura” (p. 25).

Por outra parte, o feito de que a literatura permaneza no ensino escolar mostra a súa conexión política e, neste sentido, Even Zohar indica que sempre viu a literatura “como un sistema heterónimo máis que como autónomo” (p. 24), situación que non é exclusiva do ámbito literario e que ocorre en todos os procesos sociais.

Ante este posible final, Even Zohar concorda con Elias Torres Feijó e coa súa proposta de planificar unha disciplina máis ampla que os estudos literarios e que ben podería ser “Estudos da cultura”.

“A escritura dende outro espazo: transmisión e diáspora en 55, de Xavier Queipo” é o seguinte ensaio en honra de Antón Figueroa a quen a autora, María Alonso, lle reconece o labor no eido da escritura noutros espazos. Precisamente a escrita dende outro espazo é o tema que aborda María Alonso, en concreto “a dimensión e condicionantes do concepto de transmisión, entendendo este como a variante do século XXI da ben coñecida diáspora galega” (p. 34).

O punto de partida de María Alonso é a obra de Xavier Queipo, escritor que ten reflexionado sobre a mobilidade, outredade, emigración e tránsito e, dende a propia situación de transmigrante, é de onde xorde a súa necesidade de escribir dende outro espazo.

Con Anxo Angueira e o seu texto “A xénese do campo literario galego e tres tomas de posición” retrocedemos ata o Rexurdimento. Trala pertinente alusión a Figueroa e a Bourdieu, Anxo Angueira indica que na Galicia no

Rexurdimento xorde un campo literario. O fito que marca a loita no campo foi a publicación de *Cantares Gallegos* (1863) que significa a toma de posición da literatura escrita en galego e a independencia provincialista.

A segunda toma de posición foi a de Manuel Murguía en *Los precursores*, un libro de memorias no que se colocaría a Rosalía e á súa xeración na vangarda do movemento literario e político e no que estaríamos ante un campo literario galego en galego e en castelán. Por último, en *O divino sainete* de Manuel Curros, ademais de literatura, habería un “retrato especular do campo literario galego” (p. 57) e nel vincularíase “literatura galega a conciencia cívica, ás ideas de progreso e democracia” (p. 60).

Patricia Carballal Miñán, “Emilia Pardo Bazán e o Mariscal Pardo de Cela: un drama que contesta ao mito rexionalista”, mantennos no século XIX cun capítulo no que se ocupa de quen se opuxera vivamente aos protagonistas do Rexurdimento e deixara inédita unha obra de teatro cun personaxe controvertido no seu tempo.

Despois de aproximarse ao significado do mito do Mariscal Pardo de Cela no campo cultural galego e mais ao contexto no que foi concibido o drama de Emilia Pardo Bazán, Patricia Carballal chega á conclusión de que o Mariscal é un emblema provincialista e rexionalista que “pertence ao incipiente campo cultural galego” (p. 73). En canto ás inquiredanzas ideolóxicas de Pardo Bazán, a investigadora alude ao interese da escritora coruñesa e ao contexto no que se utiliza o personaxe de Pardo de Cela: “a súa intención foi reescribir o mito do Mariscal para que se aproximase tanto a súa propia ideoloxía como para que tivese cabida no campo cultural da cultura española” (p. 74).

Avanzamos un século coa achega de Alba Cid titulada “Eduardo Moreiras: unha *rara avis* no campo cultural galego da segunda metade do século XX”. A investigadora parte da noción de campo literario para ofrecer unha panorámica da traxectoria do escritor Eduardo Moreiras e reparar no desaxuste entre a súa lexitimación institucional tardía (ingreso na RAG e premio da Crítica) e a debilidade da súa posición no campo cultural galego.

Segundo indica Alba Cid, os efectos da aplicación do criterio filolóxico, o seu posicionamento ideolóxico xunto coas particulares escollas repertoriais fan de Eduardo Moreiras

un escritor sen unha situación clara na historia literaria e no que se comproba “a presión das regras da arte que dominaron a escena cultural galega” (p. 89)

Erwan Hupel, “Novas consideracións sobre o teatro bretón: a literatura minoritaria máis aló das cuestións de minorización”, propón un novo paradigma de análise para estudar as literaturas minoritarias máis aló do seu estado periférico. Pártese do teatro bretón como un sistema propio e percórrese a historia da literatura (a través dos materiais lingüísticos do antigo bretón, do bretón medio, do cambio de paradigma lingüístico no século XVII, do desenvolvemento e renovación do teatro no século XX en relación con outras literaturas). Ao profesor Hupel interésanlle estes textos históricos dende o punto de vista lingüístico e literario co fin de examinar o encaixe en sistemas culturais e literarios máis grandes e como se poden considerar en termos da estratificación literaria bretoa.

Jon Kortazar en “A guerra civil na poesía de Gabriel Aresti (1933-1975). *Euskal Trajedial/Tragedia vasca*” establece algunhas chaves de significación da guerra civil na poesía de Gabriel Aresti e examina o cambio de dirección estética de cara á ideoloxización. Con este propósito, o profesor do País Vasco repasa as bases teóricas sobre o tratamento da Guerra Civil na literatura, en concreto os ensaios sobre literatura e Guerra Civil española.

A continuación, e xa no ámbito da literatura en lingua vasca, Jon Kortazar alude aos problemas de edición da obra poética de Gabriel Aresti (censura, reutilización do material inédito), ao proceso de creación e ao novo rumbo temático próximo á poesía social. Precisamente o texto *Euskal Trajedial* mostra como ideas forza os lugares de memoria e o mitema do perdedor en catro tons distintos da escrita.

Gérard Lelièvre Houiseau, “Diglosia e literatura bretoa. Segundo principios de *Diglosia e texto* de Antón Figueroa”, introdúcenos nun contexto no que coexisten dunha maneira conflictiva dous ou máis sistemas lingüísticos co que se perturba a súa literatura. Segundo o investigador, o/a escritor/a de literatura bretoa atópase nunha situación diglósica “avanzada, case terminal”, pois os seus lectores e lectoras serán mínimos se mantén a lingua minorizada.

A continuación, analízanse as características da literatura en bretón e en francés e os puntos de converxencia e diverxencia coa

literatura galega seguindo o libro *Diglosia e texto* de Antón Figueroa.

Sabela López Pato en “Museoloxía e procesos de (des)patrimonialización. O campo museístico galego e os requirimentos heurísticos de contextos anómalos ou deficitarios” aproxímanos a un ámbito diferente (a museoloxía) co obxectivo de comprobar se nel se mostra a (des)patrimonialización nos contextos deficitarios. Tras indicar a diversidade de posicións na museística, Sabela López chama a nosa atención sobre o traballo dos museólogos do leste en concreto a escola de Brno (na antiga Checoslovaquia) por cando fundamentan cientificamente a función dos museos e a formación dos seus traballadores.

López Pato continúa cunha panorámica sobre a museística en Galicia (dificultade para desenvolverse institucionalmente, tensión entre o real e o posible). Neste sentido, os modelos explicativos de González Millán para as experiencias ligadas á marxinalidade e á resistencia, como é o caso da museoloxía galega, son de interese para a investigadora.

Isaac Lourido e Cristina Martínez Tejero, “Modelos de compromiso no campo dos estudos literarios galegos”, aluden á obra de Antón Figueroa por canto este seguiu a Bourdieu e o aplicou á realidade galega. Lourido e Martínez describen algúns conceptos para coñecer mellor os estudos literarios galegos: autonomía (cuxa falta é características do campo dos estudos literarios galegos), normalización (compartida polo poder político e por axentes do campo cultural), nacionalismo (que afecta ao obxecto de estudo e á aplicación de teorías e metodoloxías), transferencia (relacionada coa capacidade para encaixar outro modelo de utilidade e para fornecer servizos á sociedade) e internacionalización (aplicación de epistemoloxías, teorías e metodoloxías inéditas).

Os autores conclúen que esas cinco referencias non son fixas nin poden illadamente definir a traxectoria de ningún axente do campo dos estudos literarios. Por tanto, son tarefas pendentes: o avance na mellor definición conceptual; na identificación de prácticas, axentes e grupos concretos vinculados a esas cinco noicións e na elaboración dunha cartografía do campo dos estudos literarios galegos.

O estudo de María Obdulia Luis Gamallo, “As culturas colonizadas fronte ao espello. Boubacar Boris Drop e o caso do Senegal”, trasládanos a outras linguas e literaturas minorizadas. Segundo a autora, Galiza e África

“teñen en común unha historia marcada pola imposición dunha lingua considerada superior ou A en detrimento das linguas autóctonas ou B” (p. 166). Neste sentido, Luis Gamallo considera a recepción como “criterio catalizador” do sistema literario dunha nación ao condicionar o posicionamento ideolóxico e crítico do escritor.

A continuación reflexiona sobre a situación lingüística do Senegal na que se insire o escritor Boubacar Boris Drop posto que “cada espazo repercute no texto, na toma de conciencia do escritor e na recepción” (p. 176). María Obdulia Luis Gamallo conclúe indicando que a lingua “é fundamental para o futuro dunha nación e o seu principal sinal de identidade” (p. 177).

Ana Luna Alonso e Iolanda Galanes Santos, “A tradución entre as culturas minorizadas e a cultura galega. Intercambios contemporáneos”, consideran a tradución como unha ferramenta “para reforzar o repertorio lingüístico e literario” (p. 182) e demóstrano co percorrido histórico pola tradución en Galicia e en galego e coa análise do desenvolvemento da tradución dentro do campo literario.

Luna e Galanes abordan, en primeiro lugar, o discurso sobre a tradución en comunidades minorizadas; detéñense nas linguas, culturas e espazos obxecto de importación e profundan na relación coas minorías a través de dúas obras paradigmáticas; por último, analizan as editoras e os circuitos de difusión. Nas súas conclusións, as autoras manexan terminoloxía relativa ao campo cultural e elaboran un repertorio de requisitos para a desexada autonomía, requisitos que está acadando a LIX.

Xurxo Martínez González “Do xenio nacional ao criterio filolóxico. Algúns apuntamentos sobre a literatura galega no Rexurdimento” volve situarnos no século XIX cos escritos de Manuel Murguía nos que trata a historia literaria galega en paralelo co proxecto de historia política galega. Trala análise do contexto e das causas do Rexurdimento, o investigador conclúe que “a proposta de Manuel Murguía (...) pretende asentar o concepto de literatura galega e diferenciarse da literatura española tendo en conta os factores internos e externos” (pp. 218-219).

Florentino Pérez García, “A propósito de *Tres hojas de ruda y un ajo verde*. As narracións de Luís Seoane e os repertorios da literatura galega”, devólvenos ao século XX. Preséntase e contextualízase o único libro de

narrativa publicado por Luís Seoane e, a partir do desenvolvemento sociolóxico levado a cabo por Antón Figueroa e outros, explícase o interese polo feito de que un galeguista do exilio utilice repertorios relacionados coa literatura fantástica e medieval galega. Segundo o investigador, estamos ante tomas de posición ou tentativas de establecer unha determinada tradición selectiva que se relacionan co proceso de creación e lexitimación dun campo nacional.

Irene Pichel Iglesias en “Dos best-sellers historicistas sobre Santiago y el Camino de Santiago. Efectos de la miscelánea didáctica” aplica a un corpus de catro novelas con temática e espazo galego un método cuantitativo que mide a frecuencia das fórmulas culturais específicas, isto é, as palabras ou expresións con referentes extraliterarios reais no pasado e no presente. Pichel Iglesias mostra que existe no corpus escollido unha cantidade de información cultural non necesaria para a trama, pero esencial para que a lectura sexa unha aprendizaxe. Por tanto, trala produción e a recepción de narrativa best-seller existe unha lóxica didáctica.

Mario Regueira, “Ida e volta polo bosque de Percival. Posicións no campo literario na primeira narrativa de Méndez Ferrín (1958-1971)”, analiza a tres primeiras novelas de Méndez Ferrín publicadas en Illa Nova (*Percival e outras historias, O crepúsculo e as formigas e Arrabaldo do Norde*) no contexto de abandono da escrita por parte de Rodríguez Mourullo por diferenzas con Galaxia e que se interpreta como unha loita pola autonomía do campo literario galego.

Se coa segunda novela de Méndez Ferrín “hai unha tendencia moito máis provocadora” (p. 264), coa última das novelas publicadas en Galaxia pecha un camiño de formación na súa narrativa e mais un ciclo editorial por ser un “enfrentamento máis ou menos explícito cos postulados literarios do grupo de Galaxia, queda integrado na loita política” (p. 267). Para Mario Regueira, a seguinte novela, publicada xa en Castrelos (*Retorno a Tagen Ata*), supón “o reto de facer unha obra subversiva e anti-piñeirista empegando moitos dos elementos que Ramón Piñeiro pretendía imperativos” (p. 270).

Rexina Rodríguez Vega reconece xa ao inicio do seu capítulo, “Diglosia e autotradución, cara á construción dun novo imaxinario da lingua” a pegada “fulcral” de dous libros

de Antón Figueroa e que están na base do seu ensaio académico. A colaboración iníciase coa distinción entre autotradución translingüística (intraestatal) e interestatal e a afirmación de que as traducións de escritores dos idiomas cooficiais ao castelán teñen especificidade “de seu” (p. 275).

Seguidamente, abórdase a mediación nas escrituras bilingües e pasa a centrarse nas estratexias de textualización da diglosia nos narradores galegos en castelán. Para ilustrar esas diferentes estratexias (p. 278), Rodríguez Vega exemplifica con Álvaro Cunqueiro, Manuel Rivas e Eduardo Blanco Amor por canto supoñen distintas vías de construción da alteridade. Conclúe a autora indicando a pertinencia de perspectivas da transculturalidade e hibridez, posto que as autotraducións desdebuxan a oposición entre lingua-cultura de orixe e lingua-cultura meta.

Con Rakefet Sela-Sheffy, “A transformación dun campo literario e a creación dun canon: o caso da cultura alemá de finais do século XVIII”, afastámonos da literatura galega e do século XX e achegámonos á cultura alemá do pasado. O profesor da Universidade de Tel Aviv sitúa o seu capítulo no terreo da investigación cultural (onde se cruza cos estudos do homenaxeado Antón Figueroa) en concreto no caso paradigmático da literatura escrita en alemán na fin do século XVIII e principios do XIX. Coa bagaxe das teorías do campo, dos polisistemas e do canon Sela-Sheffy leva a cabo un percorrido histórico pola situación da comunidade literaria xermanofalante e analiza a estrutura de clase, o repertorio cultural, a estrutura do campo literario e a súa transformación.

Para concluír, tal e como indicaban os editores, os dezaioito capítulos que conforman *Estudos literarios e campo cultural galego en honra do profesor Antón Figueroa* supoñen un “termómetro da actividade investigadora aludida, presente e, tamén, indiciadora de intereses futuros” (p. 8) e mostran “un expresivo estado da cuestión, ou, mellor, das cuestións: das relativas aos asuntos, aos métodos, aos intereses que nutren hoxe a actividade investigadora neste ámbito; e, tamén, das que fan referencia aos seus axentes” (*id.*) de distintas épocas históricas e de diversos espazos xeográficos.

Ana Acuña
Universidade de Vigo
ganime@uvigo.es